

**CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE, MANTEMENTO E
DESMONTAXE DE STANDS, MOQUETA, TARIMA, MOBILIARIO,
COMPLEMENTOS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS ACCESORIOS PARA AS
FEIRAS DO 2024
“FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE –
EXPOURENSE”**

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto do prego:

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) é un referente na organización de todo tipo de eventos constituíndo un pilar fundamental de desenvolvemento socio-económico da contorna onde opera.

Para a consecución dos seus fins fundacionais, Expourense, organiza entre outras, feiras e mostras que requiren da instalación de zonas expositivas desmontables, para conseguir a maior versatilidade posible das instalacións.

Por tanto, o obxecto desta contratación sería contratar o servizo de montaxe, mantemento e desmonte de casetas, moqueta, tarima, mobiliario, complementos e prestación de servizos accesorios as feiras para celebrar pola “Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense”, que permita o cumprimento dos seus fins fundacionais.

2. Calendario destas feiras previsto para o ano 2024 (suxeito a modificacións que serán comunicadas á empresa adxudicataria):

- 16 ao 18 de maio: Funergal “Feira Internacional de Produtos e Servizos Funerarios”.
- 26 ao 28 de setembro: Termatalia “Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar”.
- 24 ao 27 de outubro: Xantar “Salón Internacional de Turismo Gastronómico”.

3. Solicitude de descrición, así como de prezos unitarios:

- **STANDS MODULARES (valoraranse as innovacións)**
 - o Incluirán:
 - Moqueta en cor a elixir, recuberta con plástico protector
 - Taboleiros con cores a elixir
 - Perfilería cor aluminio (non se acepta branca)
 - Preferencia por frontis para rótulo curvo ou outra proposta que se considere innovadora



Expourense



▪ Rotulación

(cor da letra a elixir):

- 9 a 15 m² - 1 rótulo
 - 18 a 24 m² - 2 rótulos
 - Medidas: 9 – 12 – 15 – 18 – 24 m²
 - Altura útil do stand: 3 metros
 - Un enchufe como mínimo
 - Un cadro eléctrico monofásico
 - Potencia a instalar estándar por módulo de stand de 3.500 W
 - Iluminación con carrís de focos led:
 - 9 m² – 2 focos
 - 12 a 15 m² – 3 focos
 - 18 m² a 24 m² – 4 focos
 - Cálculo de iluminación 50/ 75 W/m²
 - Perfecto estado de uso e limpeza dos materiais
- **STAND EQUIPADO BÁSICO MODULAR**
- Incluirá ademais dos elementos do stand modular:
 - 1 mostrador (cada 9m²)
 - 2 baldas (cada 9m²)
 - 1 almacén con cortina
 - Un rótulo (cada 9m²)
- **STAND DISEÑO CORPORATIVO ESTRUCTURA MODULAR**
- Incluirá ademais dos elementos do stand modular, por cada 24 metros:
 - 1 mostrador
 - 1 andel
 - Conxunto mesa e cadeiras
 - 1 almacén con porta
 - 1 logotipo cada 9m²
 - Cartelas para rótulo
 - Proposta gráfica dunha superficie de 1,5m² por cada 6 metros (que poderá ser individual ou integrada segundo as necesidades do deseño e do cliente).
 - Deseño adaptado á imaxe corporativa do cliente
- **OUTROS**
- M² de moqueta colocada nos corredores do pavillón, cor a determinar con plástico protector
 - M² de tarima
 - Tarifas de mobiliario de stand de deseño e complementos de modular (almacéns, m² de carpa, portas, paneis de división, rotulación especial, focos adicionais, enchufes, cadros eléctricos, acometidas trifásicas...)



Expourense

Será necesario dispor dun catálogo codificado, fotográfico e con medidas dos diferentes produtos e do mobiliario.

En relación coa contratación de mobiliario e complementos a contratación fará directamente o expositor a través da “Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense”

- Acometidas trifásicas: terán que levar o soporte correspondente, segundo a normativa vixente.

DESEÑOS ESPECIAIS PARA A FEIRA “XANTAR”:

- RESTAURANTES (valoraranse propostas de deseño)

▪ Divídense en dúas zonas:

• Zona de cociña:

- Instalación de sintasol/PVC proporcionado pola organización
- Estrutura en modular en cor a elixir
- Altura útil: 3 metros
- Toma de auga con colector para tres saídas coa súa chave de corte para vertedoiro, lavalouzas...
- Toma de desaugadoiro coa súa derivación para lavalouzas e vertedoiro (os demais electrodomésticos que fose necesario engadir)
- Dobre vertedoiro
- Cálculo de iluminación 50/ 75 W/m²
- Soporte para campá extractora 50/ 75 W/m²
- Mesado interno baixo campá.
- Mesado lineal de 50 cms de fondo en parede de sala.
- Dous andeis.
- 2 enchufes, como mínimo, de 16 A. distribuídos en diferentes puntos de la cocina.
- 2 conexións eléctricas trifásicas ou monofásicas para electrodomésticos

• Zona de sala:

- Taboleiros de aglomerado/dm ó fibra con cor da pintura a elixir para separar cociña de sala.
- Peche perimetral da sala aproximadamente a una altura de 1,50 m.
- Frontis para rótulo
- Rotulación: terá un rótulo por cada stand (cor da letra a elixir)
- Iluminación
- Mostrador exterior e/ou soporte para colocación de cartel con Menú.

- Un cadro eléctrico monofásico para alumeado
 - Un cadro trifásico para forza
 - Perfecto estado de uso e limpeza dos materiais
- **AULA DE CATA (valoraranse propostas de deseño)**
- Espazo de aproximadamente 130 m2, pechado e con visibilidade dende o exterior
 - O espazo terá zona de almacén con porta e sala. Instalación de sintasol/PVC proporcionado pola organización
 - Conexión de auga/desaugadoiro para lavalouzas, vertedoiro con dobre seno.
 - Cadro eléctrico monofásico para conexión de lavalouzas e conxelador ou enfriador.
 - Iluminación
 - Enchufes
 - Moqueta
 - Rótulo
- **AULAS GASTRONÓMICAS (Dos aulas) Valoraranse propostas de deseño.**
- Aula 1:**
- Almacén pechado de traballo con elemento decorativo de madeira no centro.
 - Iluminación.
 - Enchufes.
 - Vertedoiro de dous senos.
 - Cadro especial de alta potencia.
 - Conexión dos seguintes electrodomésticos: cociña, fornos, frigorífico e outros. Máximo conexión de 6 electrodomésticos.
 - Conexión de auga e desaugadoiro para lavalouzas, vertedoiro dous senos e forno de convención.
 - Moqueta.
 - Tarima de entre 0,20 e 0,5 metros de altura e rampla de acceso.
 - Muro de madeira pintado de 300x200 cm
- Aula 2:**
- Almacén pechado de traballo con elemento decorativo de madeira no centro, instalación de sintasol/PVC proporcionado pola organización.



Expourense



o Iluminación.

- o Enchufes.
- o Vertedoiro de dous senos.
- o Cadro especial de alta potencia.
- o Conexión dos seguintes electrodomésticos: cociña, fornos, frigorífico e outros. Máximo conexión de 6 electrodomésticos.
- o Conexión de auga e desaugadoiro para lavalouzas, vertedoiro dous senos e forno de convención.
- o Moqueta.

- **TÚNEL DO VIÑO. Valoraranse propostas de deseño.**

Túnel do Viño feria XANTAR:

- o Espazo pechado con visibilidade dende o exterior, e con persiana eléctrica e que favoreza a circulación do público.
- o Equipado con andeis modulares para a colación das botellas de viño.
- o Almacén con porta. Instalación dentro do almacén de vertedoiro e conexión de auga e desauga para lavalouzas e vertedoiro.
- o Iluminación.
- o 14 logotipos.
- o Moqueta.
- o Toma de corrente para enchufe.
- o Mesas altas.
- o Rótulo.
- o Instalación de sintasol/PVC proporcionado pola organización

DESEÑOS ESPECIAIS PARA A FEIRA “TERMATALIA”:

BAR DE AUGAS (valoraranse as propostas de deseño)

- o Espazo para situar en andeis aproximadamente 20 marcas de augas diferentes.
- o Logotipo para cada unha das marcas de auga.
- o Mostradores para dar a degustar as augas.
- o Iluminación.
- o Enchufes.
- o Toma de auga e desaugadoiro con vertedoiro.
- o Almacén.

CENTRO DE NEGOCIOS (valoraranse as propostas de deseño)

- o Espazo acoutado para localización de aproximadamente 30 mesas e 90 cadeiras para realizar encontros B2B.
- o Mostrador para recepción con cadeiras.
- o Estrutura modular/totem ou similar en cada mesa para sinalizar a empresa.



Expourense



gran formato CENTRO DE NEGOCIOS.

o Señalización

DESCRIPCIÓN DE LAS TAREFAS

Os prazos de execución das tarefas a facer pola empresa adxudicataria serán de 3 días para a montaxe e 2 para a desmontaxe nas feiras de carácter standard. Para as feiras especiais, acordaranse os prazos entre ambas partes (caso de Xantar).

Expourense comunicará ao adxudicatario con anterioridade á data de inicio do servizo as datas e horarios definitivos de execución, así como un plano indicando o lugar de instalación de stands e as características dos mesmos.

Unha vez comunicadas por Expourense, as características xerais do servizo, o adxudicatario deberá prever todas as tarefas necesarias e o subministración de materiais para a súa dispoñibilidade nos días destinados á montaxe.

Así mesmo o adxudicatario deberá planificar e organizar a disposición de todos os medios técnicos (medios de transporte, equipos, ferramentas, medios auxiliares etc) e humanos convenientemente cualificados para a execución dos traballos.

EXPOURENSE, require a necesaria aportación dun mínimo de persoal cualificado para a execución dos traballos de mantemento, especialmente para as instalacións eléctricas e de fontanería (que poderán ser supervisadas por persoal cualificado de Expourense).

Así mesmo, o adxudicatario deberá designar, durante os días de celebración de cada unha das feiras, o persoal necesario, capaz de solucionar, arranxar ou resolver calquera problema que puidera presentarse no stand, tanto de reparación como de funcionamento dos distintos elementos utilizados. Manterase especial atención á protección do so instalado no recinto feiral, evitando as manchas de pintura que en calquera caso o adxudicatario tería a responsabilidade de limpar adecuadamente.

Unha vez concluído o certame, o adxudicatario deberá facer todas as tarefas de desmontaxe nos horarios establecidos por Expourense a tal efecto, deixando o recinto en perfecto estado de limpeza.

Tanto na montaxe como na desmontaxe, a empresa adxudicataria farase cargo do coste do container para depositar os residuos que orixine. E será responsabilidade da mesma entregar o stand e o equipamento en perfecto estado de limpeza, así como o entorno de cada stand recollendo e limpando os restos provocados polos seus traballos de montaxe.

A medición e marcaxe dos stands farase entre o persoal da empresa licitadora e o persoal de Expourense.

Para o pegado das moquetas utilizarase cinta de dobre faciana cuxa calidade garante a suxeición e ao mesmo tempo un fácil retirado e limpeza da mesma.

NORMATIVA E REGULAMENTACIÓN TÉCNICA:

Todos os materiais e equipamentos cumprirán os requisitos esixidos pola normativa e regulamentación vixente na materia (resistencia e esforzos, protección contra o lume, normativas sobre saúde e medioambiente etc). O adxudicatario será o único responsable ante a lei pola infracción de calquera normativa ou mal uso dos materiais.

O adxudicatario deberá subscribir ao seu cargo as pólizas de seguro necesarias que cubran calquera risco polos danos a persoas, cousas ou responsabilidade civil derivado da execución dos traballos (transporte, adaptación, montaxe, mantemento, celebración do certame, desmontaxe e almacenaxe entre unha feira e outra).

A instalación eléctrica, feita pola empresa de montaxe deberá cumprir a Normativa do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.